



RESOLUCIÓN DO 27 de maio de 2013 DA SECRETARÍA XERAL DO MAR POLA QUE SE APROBA O PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL DA RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO OS MIÑARZOS PARA O ANO 2014.

Antecedentes

O día 23 de setembro de 2013 foi recibida, por medios electrónicos, na secretaría do órgano de xestión, seguimento e control (en adiante Oxesco) da reserva mariña a proposta do Plan de Xestión de Integral da reserva mariña de interese pesqueiro "Os Miñarzos" para o ano 2014. Unha vez recibida dita proposta requíronse os informes técnicos necesarios que permitisen aos vogais do órgano poder valorar a proposta presentada e debatela na reunión do órgano de xestión.

O día 1 de outubro de 2013 ten entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia a solicitude, en formato papel, do Plan de Xestión Integral.

O día 24 de outubro de 2013 reuniuse, en sesión ordinaria, o órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña coa orde do día de informar o plan de xestión. As deliberacións e as consideracións realizadas sobre a proposta presentada foron recollidas na acta da sesión e que consta como anexo do informe do órgano do Oxesco.

Consideracións legais e técnicas

O Decreto 87/2007, do 12 de abril, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro "Os Miñarzos", modificado polo Decreto 240/2008, do 2 de outubro, establece no seu artigo 5 as actividades permitidas e limitacións de uso da reserva. Entre as actividades permitidas: a pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona (letra a)); a recollida de ourizo, navalla, poliquetos, anémonas, percebe, peneira ou calquera outro recurso específico que se recolla no marco do Plan de Xestión Integral (letra b)); o marisqueo a pé e a recollida de algas (letra c)) e a recollida de mexilla (letra d)).

O artigo 6.bis, no seu apartado 1, determina que as actividades recollidas nas letras a), b), c) e d) do artigo 5 desenvolveranse no marco do Plan de Xestión Integral aprobado para esa área no que se recollerán as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e zonas dentro da reserva.

No seu apartado 2 establece que o Plan de Xestión será aprobado pola Dirección Xeral de Recursos Mariños, logo do informe do órgano de xestión.

O artigo 16 do Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, modificado polo Decreto 131/2012, do 31 de maio, atribúelle á Secretaría Xeral do Mar a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo e acuicultura, entre outras.





Os días 24 de setembro e 14 de outubro de 2013, remitiuse dende a xefatura territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar na Coruña a información sobre a validez e renovación dos permisos de explotación para o marisqueo a pé e das embarcacións incluídas no plan.

O día 27 de setembro de 2013, a sección de Formación Pesqueira da xefatura territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar remitiu informe sobre a realización das inmersións necesarias para a execución do plan (ourizo, navalla e poliquetos) e das titulacións dos mergulladores incluídos no plan.

Os días 17 e 24 de outubro de 2013, a bióloga de zona remite informe sobre a solicitude do plan presentado.

O día 18 de outubro de 2013, o servizo de Planificación remite información sobre os cambios temporais de modalidade outorgados ás embarcacións incluídas no censo da reserva, as cotas máximas de captura propostas para a nécora e para a centola.

O día 02 de decembro de 2013, o órgano de xestión, seguimento e control emite informe favorable ao documento resultante como Plan de Xestión Integral da reserva mariña de interese pesqueiro "Os Miñarzos" para o ano 2014 tras as deliberacións e consideracións feitas na reunión do órgano do día 24 de outubro de 2013.

Así pois, á vista dos antecedentes e das consideracións legais e técnicas, a Secretaría Xeral do Mar resolve

Aprobar o Plan de Xestión Integral para a reserva mariña de interese pesqueiro "Os Miñarzos", que figura como anexo a esta resolución, para o ano 2014.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada no prazo máximo de un mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Medio Rural e do Mar de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O secretario xeral do Mar



Juan Carlos Maneiro Cadillo

